



Normas xerais de utilización

- a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.
- b) Cada beneficiario, contará cunha Tarxeta Prepago, na que se estamparán o seu nome e apelidos sen custo algún para o beneficiario.
- c) A contía da subvención cargarase na Tarxeta Prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.
- d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Política de Benestar .. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (L.O.P.D) para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informando do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.
- e) A persoas usuaria deberá asinar a tarxeta, e no momento do pagamento fixarse no importe que asina.
- f) A Tarxeta Prepago para “bono-taxi” estará operativa ata o 21 de decembro de 2014 (día 22 inoperativa), procedendo a súa destrución por parte do usuario.
- g) A tarxeta entregárase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora á activación ás 72 horas dende a súa entrega polo Concello de Vigo, **esta activación farase mediante sms non sendo necesario acudir a entidade bancaria.**
- h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado ao beneficiario pola entidade bancaria colaboradora mediante sms ao móbil que sinalou na súa solicitude, se non aportou número de móbil a tarxeta activase igualmente .
- i) O número secreto de PIN comunicáraselle ao beneficiario da axuda a través de sms ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.
- j) Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da web <https://www.damemisaldo.com> ou na entidade bancaria colaboradora.
Para elo, será necesario dispor do PIN da tarxeta, que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade bancaria .
- k) No caso de extravío, subtracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario deberá comunicalo no **teléfono 902 121314** identificándose como beneficiario da tarxeta prepago do Concello de Vigo.
- l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.
- m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagos con tarxeta prepago e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.
- n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.
- o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial “Taxis”; desta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.